

TEXTOS PLATÓN

PLATÓN (texto 1)

República, Libro IV, 432b-435c

- Ben. Xa vimos, segundo parece, **tres calidades da cidade**, e en canto á especie que resta para que a cidade alcance a excelencia cal podería ser? É evidente que a **xustiza**.
(...)
- E que a **xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas**, é algo que xa oímos a outros moitos e que nos dixemos repetidamente.
(...)
- Nese caso, amigo meu, a xustiza parece que consiste en facer cada un o seu. Sabes de onde o deduzo?
- Non, pero dimo ti.
- Ao meu parecer do que temos examinado, a **moderación, a valentía e a sabedoría**, o que resta por ver na cidade, **é o que dá a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres pemeza nelas**. E xa dixemos que se encontrabamos as tres, a xustiza sería a que restase.
(...)
- Por forza é así.
- Non obstante, se fose preciso discernir **cal destas calidades fará á nosa cidade mellor, resultaría difícil discriminar se consiste nunha coincidencia de opinión entre os gobernantes e os gobernados**, ou se é a conservación da opinión consonte á lei que hai entre os militares acerca do que debe ser temible ou non, ou a intelixencia e a vixiancia entre os gobernantes; ou iso que fai mellor á cidade consiste, tanto no neno coma na muller, no escravo coma no home ceibe, e no artesán, no gobernante e no gobernado, en que **cada un se ocupe do seu, sen atender ao alleo**.
(...)
- Entón, segundo parece, en relación á excelencia da cidade, a capacidade de facer cada un o seu nela pode rivalizar coa súa sabedoría, coa súa moderación e a súa valentía.
(...).
- Pois un home xusto non diferirá en nada da cidade xusta en canto á idea da xustiza mesma, senón que será semellante.
- Semellante, en efecto.
- Porén, **unha cidade parece xusta cando os tres tipos de naturezas que existen naquela fan cada un o seu**; e pareceunos moderada, valente e sabia a causa dalgunhas outras afeccións e hábitos deses mesmos tipos de naturezas.
- É verdade.
- Por conseguinte, querido amigo, **estimaremos que quen teña eses mesmos tipos na súa alma, a causa das mesmas afeccións que aqueles, é ben merecedor de recibir os mesmos apelativos que a cidade**.
PLATÓN; República, Libro IV, 432b-435c.

Tema: “A xustiza como harmonía da cidade e da alma baseada en que cada parte cumpra a súa función propia”.

Ideas principais:

1. A xustiza xorde cando cada clase social / parte da alma cumpra coa súa función (principio de especialización).
2. A xustiza como virtude global, resultado da harmonía entre sabedoría, fortaleza e moderación.

Conceptos clave: *polis*, política, alma, sabedoría, prudencia, fortaleza, moderación, xustiza, especialización, *Calípolis*...

PLATÓN (texto 2)

República, Libro VI, 509c-511e

- Pensa, entón, como dicíamos, que son dúas entidades, unha rexe o mundo do intelixible e a outra o mundo do visible.

Sol físico

- (...).

Dualismo epistemolóxico

- Toma agora unha liña dividida en dúas seccións desiguais e de novo corta estas dúas partes, segundo a mesma proporción, a da especie que é visible e da que é intelixible, e terás a claridade e a escuridade en relación a ambas, na visible atoparás unha sección de imaxes. Doulle o nome de imaxes, en primeiro lugar, ás sombras, e despois aos reflexos na auga e en todo canto se constitúe como compacto, liso e brillante, e, se me entendes, a todo o semellante a iso.

Niveis da doxa, propia do mundo

Dualismo ontolóxico

- (...).

- Verdadeiramente estarías disposto a declarar que a liña quedou dividida en canto á súa verdade e non verdade, de modo tal que o opinable é ao cognoscible como o é a copia respecto do que é copiado?

doxa

episteme

Methexis: Principio participación, mímese

-Por suposto que si.

-Pois considera agora se tamén hai que dividir a sección do intelixible.

-E como?

-Deste modo: por un lado, a alma, servíndose das cousas antes imitadas como se fosen imaxes, vese obrigada a buscar a partir de hipóteses e non se dirixirá a un principio, senón a unha conclusión. E, por outra parte, avanza ata un principio absoluto, partindo de hipóteses e sen imaxes, facendo o camiño coas ideas mesmas e por medio delas.

DIALÉCTICA

DIANOIA,
PENSAMENTO
DEDUCTIVO

- Comprendo que ao que te refires é á xeometría e ciencias irmás.

DIALÉCTICA
ASCENDENTE

- Comprende, entón, a outra parte do intelixible, cando digo que iso a razón mesma alcánzao co seu poder dialéctico, facendo hipóteses non como principios, senón como hipóteses reais, que son puntos de apoio e de partida para levala ao principio de todo ata o absoluto. Unha vez alcanzado ese principio, dedicándose de novo ás cousas que dependen dela, descenderá ata a conclusión, sen servirse en absoluto de nada sensible, senón das ideas mesmas, a través delas cara a elas mesmas, rematando con ideas.

DIALÉCTICA
DESCENDENTE

- Comprendo, pero non suficientemente. Paréceme que o que dis é unha empresa importante, porque efectivamente queres determinar que é máis clara a visión do ser e do intelixible, adquirida gracias ao coñecemento dialéctico que gracias ás que chamamos artes, para as cales as hipóteses son principios. Os que se dedican a elas vense forzados a contemplalas por medio do pensamento discursivo e non dos sentidos. Pero porque non avanzan cara a un principio, ao examinalas, senón a partir de supostos, parecerache que non posúen coñecemento acerca delas, aínda que sexan intelixibles xunto cun principio. Paréceme que chamas pensamento discursivo ao estado mental dos xeómetras e similares e non intelixencia, como se o pensamento discursivo estivese entre a opinión e a intelixencia.

noesis

dianoia

- Comprendiches perfectamente. Aplica a esas catro seccións catro afeccións que se xeran na alma: intelixencia, á máis elevada; pensamento discursivo, á segunda; á terceira, a crencia; e á última, a conxectura; ordénaas segundo unha proporción, pensando que canto máis participen da verdade, tanto máis participan da claridade.

GNOSEOLOXÍA
PLATÓNICA

PLATÓN: República, Libro VI, 509c-511e

Tema: “A gnoseoloxía (teoría de coñecemento platónica) plasmada a través do símil da liña”.

Ideas principais:

1. Existen dous mundos (sensible – intelixible, o dualismo ontolóxico platónico) dos cales é posible obter dous tipos de coñecemento (opinión e coñecemento verdadeiro (dualismo epistemolóxico platónico) nunha relación de tipo *ser – coñecer*.
2. A opinión (*doxa*) e o coñecemento verdadeiro (*episteme*) pódense subdividir en dous (*eikasía e pistis* no sensible e *dianoia e noesis* no intelixible) conformando a totalidade da gnoseoloxía platónica.
- 3.- A alma, a través da dialéctica, é quen de acadar os nivel supremo do coñecemento: a intelixencia (*noesis*) das ideas.

Idea Secundaria:

1. A Idea de Ben e o Sol actúan como principios de iluminación do coñecemento no mundo intelixible e sensible respectivamente.

Conceptos clave: *episteme, doxa, coñecemento, opinión, conxectura (eikasía), crenza (pistis), pensamento discursivo (dianoia), intelixencia (noesis), dualismo epistemolóxico, dualismo ontolóxico, gnoseoloxía, mundo sensible, mundo intelixible, sol, ben, dialéctica, dialéctica ascendente, dialéctica descendente, ideas, símil da liña, methexis, participación, copia, mímesis...*

PLATÓN (texto 3)

EDUCACIÓN. O PROBLEMA DO COÑECEMENTO

República, Libro VII, 514a-517c

MUNDO
SENSIBLE

MITO DA
CAVERNA

- Despois diso **compara a nosa natureza respecto da súa educación ou da súa falta de educación** cunha experiencia como esta. **Imaxina homes nunha especie de morada subterránea en forma de caverna, cunha longa entrada aberta, en toda a súa extensión, á luz e imaxina que están alí dende nenos coas pernas e o pescozo encadeados de maneira que teñen que permanecer alí e mirar unicamente cara adiante, pois as cadeas impídenlles xirar a cabeza. Máis lonxe a luz dun lume que arde máis arriba, detrás deles e entre o lume e os encadeados un camiño máis alto; e ao longo do camiño imaxina que foi construído un muro, como as cortinas que se levantan entre os monicrequeiros e o público, para amosar por encima delas os bonecos.**

- (...)

- Daquela, non hai dúbida de que **tales homes non poderían pensar outra cousa que non sexa que o verdadeiro son as sombras dos obxectos fabricados.**

- Necesariamente.

- Considera, agora, que pasaría **se fosen liberados das súas cadeas e curados da súa ignorancia** e, se consonte á súa natureza, lles ocorrese isto: que **un deles fose ceibado e obrigado de súpeto a levantarse, a voltar o pescozo, a camiñar e a mirar cara á luz e que, ao facer isto, sufrise e que a causa do escintileo da luz non fose quen de percibir aquelas cousas das que ata entón vía sombras.** Que cres que respondería se alguén lle dixese que ata entón só tiña visto bagatelas e que agora, en cambio, máis próximo ao real e volto de cara a obxectos máis reais, mira máis correctamente? (...)

- (...)

- **Necesitaría afacerse, creo eu, para ser quen de ver as cousas de arriba. E primeiramente vería con máis facilidade as sombras e, despois, as imaxes de homes e doutros obxectos reflectidos nas augas, e por último os homes e as cousas mesmas. E despois diso, contemplaría máis doadamente pola noite as cousas do ceo e o mesmo ceo, dirixindo a mirada á luz das estrelas e da lúa, máis doadamente que durante o día o sol e o que a el lle pertence.**

- Como non?

- E por último, **creo eu, sería o sol, non as súas imaxes reflectidas nas augas ou noutro lugar alleo, senón o sol en si mesmo e no seu propio lugar, o que podería ver e contemplar.**

- (...)

- **Entón que? E se el recordase a primeira morada e a ciencia de alí e os seus compañeiros de cárcere, non cres que estaría ledos co cambio e que se compadecería deles?**

- (...)

- Pois ben, meu querido Glaucón, esa imaxe débemola aplicar totalmente ao dito anteriormente; **hai que comparar a rexión que se manifesta por medio da vista coa morada do cárcere e esa luz do lume co poder do sol; compara a subida ao mundo de arriba e a contemplación das cousas deste coa ascensión da alma á rexión do intelixible** e non errarás respecto do que espero que é o que ti desexas oír. Mais é a divindade a que sabe se isto é realmente verdade. **O que a mín me parece é que no mundo intelixible o último que se percibe, e con dificultade, é a idea do ben, pero, unha vez percibida, hai que colixir que é a causa de todo o recto e fermoso que hai en todas as cousas e que no mundo visible xerou a luz e ao señor desta e que no mundo intelixible xerou a verdade e o coñecemento e que convén, pois, vela para poder proceder con sabiduría tanto na vida privada como pública.**

MITO DA
CAVERNA

O BEN. IDEA
SUPREMA.

RESPONSABILIDADE MORAL DOS
FILÓSOFOS DE ENSINAR E GUIAR

O BEN. CAUSA
DE TODO QUE É
BO

PLATÓN: República, Libro VII, 514a-517c.

Tema: “O problema do dualismo epistemolóxico e ontolóxico representado no mito da caverna”.

Ideas principais:

1. O dualismo ontolóxico (dúas realidades: mundo sensible – intelixible respectivamente) permite dous tipos de coñecemento (sendo o do mundo sensible máis baixo). O problema é que sen educación o ser humano só coñece o mundo sensible polo que o seu coñecemento inicial é pobre.
2. A educación é un proceso gradual de ascenso desde a ignorancia cara ao coñecemento verdadeiro.
- 3.- Aqueles que foron liberados (os filósofos) teñen o deber moral de educar e guiar a aqueles que todavía viven na ignorancia.
4. A Idea de Ben (o sol do mito) é a idea suprema é causa de todo o que é bo e verdadeiro.

Conceptos clave: *mito da caverna, sol (idea de ben), mundo sensible, intelixible, sombras, cárcere, cadeas, exterior, reflexos, dualismo ontolóxico, epistemolóxico, alma, ignorancia, coñecemento...*

ARISTÓTELES (texto 1)

Física, Libro II-3, 194b-195a

Feitas estas distincións, cómpre examinar **as causas, cales e cantas son**. E xa que se trata de coñecer, e non cremos ter coñecemento de algo sen antes ter captado en cada caso o porqué (e isto vén sendo captar a causa primeira), é evidente que nós temos que facelo coa **xeración e a destrución e con todo cambio natural**, a fin de que, coñecendo os seus principios, intentemos encamiñar ata eles cada unha das nosas investigacións.

CMBIOS
SUSTANCIAIS

Nun sentido (1) chámase causa a ese **constitutivo inherente do que se fai algo**, coma tal o bronce da estatua e a prata da copa e os seus xéneros.

Noutro sentido (2) é a **forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia** e os seus xéneros (así a causa da octava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición.

E tamén (3) é aquilo de onde xorde o **principio primeiro do cambio ou do repouso**; así quen toma unha resolución é causa, o pai e causa do fillo, e en xeral **o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado**.

E aínda máis (4), é o **fin, aquilo para o que é algo**, como a saúde con relación ó paseo. Pois, por que paseamos? Dicimos que para ter saúde e, ó falar así, cremos indicar a causa. E son un medio para o fin todas as cousas que outro move; así o adelgazamento ou a purga, os medicamentos ou os instrumentos cirúrxicos, todos eles son medios para a saúde, pero hai diferenzas entre eles, xa que uns son **accións e outros instrumentos**.

ARISTÓTELES: Física, Libro II-3, 194b-195ª.

Hai fins en si mesmos e outros que son
medios para conseguir un ben maior

Tema: "A teoría aristotélica das catro causas como explicación da natureza e do cambio."

Ideas principais:

1. O coñecemento verdadeiro da natureza require coñecer as súas causas e principios.
2. Hai catro causas: a material (de que está feito), a formal (a esencia), a eficiente (quen produce o cambio ou o movemento) e a final (que obxectivo/finalidade ten)

Idea Secundaria:

1. Non todos os fins son iguais. Algúns son fins en si mesmos e outros son medios subordinados para acadar outros fins.

Conceptos clave: coñecemento, natureza, causalidade, causa formal, causa material, causa eficiente, causa final, teleoloxismo, physis, movemento, substancia, cambio, ...

ARISTÓTELES (texto 2)

Ética a Nicómaco, Libro II, 1103a-1104a.

1. Xa que existen **dúas clases de virtude**, a **dianoética** e a **ética**, **a dianoética xorde e medra principalmente pola aprendizaxe e por iso precisa de experiencia e de tempo**. En cambio a **ética xorde do costume, por iso o seu nome varía un pouco do de “costume”**. Deste feito resulta evidente que **ningunha das virtudes éticas se da en nós por natureza, pois nada do que existe por natureza cambia por costume**. Así, por exemplo, a pedra, que por natureza vai cara abaixo, no se afaría a ir cara arriba por máis que se intentase meterlle o costume tirándoa moitas veces cara arriba, nin o lume se afaría a ir cara abaixo, nin ningunha outra cousa que é de certa natureza podería afacerse a ter outra distinta. **Así é que as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos de noso aptitude para recibilas e perfeccionalas mediante o costume**.

Ademais, de todo o que está na nosa natureza, primeiro acadamos as capacidades e logo desenvolvemos as actividades (isto é evidente no tocante ós sentidos; non adquirimos os sentidos por ver moitas veces ou oír moitas veces, senón o contrario: usámoslos porque os temos, non os temos porque os usamos). En cambio, **as virtudes adquirímolos porque antes as exercitamos, como ocorre coas demais artes**. (...)

Ademais as mesmas causas e os mesmos medios producen e destrúen toda virtude, igual que na arte, pois tocando a cítara xorden os bos e os malos citaristas, e da mesma maneira os construtores e todos os demais, pois se constrúen ben serán bos construtores e se constrúen mal serán malos. De non ser así, non faría ningunha falta o mestre, senón que todos serían de nacemento bos ou malos.

As virtudes (tanto éticas como dianoéticas) son adquiridas, non naturais. Ninguén nace virtuoso.

Coas virtudes ocorre o mesmo: **As actuacións nas relacións cos demais é o que fai que uns sexan xustos e outros inxustos; as actuacións nos perigos afacéndonos a ter medo ou a ser valentes fai a uns valentes e a outros covardes**. (...)

2. Así pois, xa que o presente tratado non é teórico coma os outros (pois non investigamos para saber que é a virtude, senón para ser bos, pois doutra maneira sería inútil), cómpre investigar o tocante **ás accións, como as hai que facer, pois elas son as causantes da adquisición dos distintos costumes, como xa dixemos**.

Que **hai que actuar de acordo coa recta razón** é algo de aceptación común e que se da por suposto. Xa falaremos logo diso e do que é “a recta razón” e que relación ten coas demais virtudes (...)

Primeiramente hai que observar que **estas cousas [as virtudes éticas] de natural se destrúen por exceso ou por defecto**, tal como vemos que ocorre co vigor e a saúde (...) mentres que en **cantidade moderada prodúcea, incrementaa e consérvaa**. Así ocorre tamén coa moderación, a virilidade e as demais virtudes. O que foxe de todo, ten medo e non atura nada vólvese covarde, o que nada teme e se bota a todo, afoutado, o que goza de todos os praceres e non se arreda de ningún, intemperante, e o que foxe de todos, como os rústicos, un insensible. Polo tanto, **a moderación e a virilidade destrúense por exceso e por defecto e consérvanse coa moderación**.

ARISTÓTELES, Ética a Nicómaco, Libro II, 1103a-1104ª

Tema: “A distinción das virtudes éticas e dianoéticas e os distintos modos da súa adquisición”.

Ideas principais:

1. Existen dous tipos de virtudes: éticas e dianoéticas.
2. As virtudes non son innatas senón que son adquiridas, sendo as éticas produto do hábito de actuar correctamente.
3. As virtudes éticas xorden e se conservan ao actuar racionalmente con moderación. Actuar de xeito contrario leva a súa destrución.
4. As virtudes dianoéticas xorden mediante a aprendizaxe.

Idea secundaria (non está explicitamente no texto):

1. Actuar con moderación é o que Aristóteles identifica coa elección racional do *termo medio* (*mesotés*)

Conceptos clave: *virtude (areté), ética, dianoética, hábito, costume, ethos, aprendizaxe, termo medio, mesotés, natureza, recta razón, moderación, carácter, etc.*

ARISTÓTELES (texto 3)

Política, Libro I, 1252a/1253a

Teleoloxismo
e
Eudaimonía
(interpretación)

1. Como vemos que toda cidade (pólis) é unha **comunidade**, e toda comunidade está **constituída para algún ben** -pois todos fan todo polo que parece ser bo-, é evidente que todas apuntan a algún ben e, sobre todo, apunta ó ben máis importante **a comunidade máis importante de todas e que abrangue tódalas outras: esta é a chamada cidade (pólis)**, e **cidadá (politiké) a comunidade**.

A polis como
forma de
asociación
óptima

2. (...) **A comunidade perfecta de varias aldeas é xa a cidade**, con, por así dicilo, a perfección de toda **suficiencia (autárkeia)**, e **nacida pra vivir, pero existente pra vivir ben**. Por eso **toda cidade o é por natureza**, se tamén o son as comunidades previas, xa que ela é fin destas e a natureza é fin. Porque **o que cada ser é, despois de rematada a súa xénese, é o que dicimos que é a súa natureza**, por exemplo, a do home, do cabalo, da casa. Ademais **a causa e o fin son o mellor, e a suficiencia é fin e o mellor**.

De todo eso resulta que a **cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (zôon politikón)**, e que o **asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home, coma o censurado por Homero coma home sen tribo, sen leis, sen fogar (...)**,

O ser
humano é un
ser social
proba diso é
a linguaxe,
polo tanto a
cidade é
incluso
anterior ao
individuo.

Porque **o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera** animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a **palabra (lógos)**. Pois ben, a voz é signo do doloroso e do pracenteiro e por eso está presente tamén nos outros animais, xa que a súa natureza chega ata ter percepcións do doloroso e do pracenteiro e a que as signifiquen os uns ós outros. Pero a palabra é **pra expresar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto, porque é propio dos homes fronte dos outros animais ser o único que ten percepción do ben e do mal, do xusto e do inxusto, e doutras cousas. A comunidade en todo eso fai a familia e a cidade**.

Os que non
viven en polis
(como os
bárbaros)
son
inferiores e
carentes de
virtude, xa
que non son
deuses

(...) Todo está definido pola súa función e pola súa capacidade, de tal xeito que, cando as cousas xa non son, non se debe dicir que seguen sendo elas, senón algo co mesmo nome. É evidente, pois, que **a cidade é por natureza e antes que cada un**, xa que, se **cada un illado non é autosuficiente**, estará na mesma posición que as demais partes fronte ó todo, e **aquel que non ten capacidade de vivir en sociedade ou que nada necesita pola súa autosuficiencia, non é parte algunha da cidade, mesmamente coma unha besta ou un deus. Por natureza está en todos o impulso cara a tal sociedade, e o primeiro que a estableceu é causante de grandes bens, xa que, tal coma o home cabal é o mellor dos seres vivos**, así tamén, **a fastado de lei e xustiza, é o peor de todos, porque a inxustiza máis inatunable é a que ten armas, e o home por natureza ten armas prá prudencia e a virtude, pero é moi posible que as empregue prós seus contrarios; por eso sen virtude o home é o máis impío e salvaxe, e o peor prás luxurias e as enchentes**, mentres que **a xustiza é da sociedade porque a xustiza é ordenación da comunidade política, a xustiza é decisión do que é xusto**.

Non pode
haber ética
nin virtude
fóra da
comunidade.

ARISTÓTELES: Política, Libro I, 1252a-1253a

Tema: “O ser humano como ser social e a *polis* como a comunidade perfecta”.

Ideas principais:

1. A *polis* é a forma de asociación máis importante de todas, levando á autosuficiencia (*autarkéia*) a súa máxima expresión e co fin de procurar unha boa vida.
2. O home é social por natureza (“animal político” = “*zoon politikón*”) e proba disto é a existencia da linguaxe cuxo uso vai máis aló da simple expresión de pracer ou dor, e que serve para expresar conceptos complexos como ben ou mal.
3. O ser humano só alcanza a súa realización completa dentro da *polis*, pois fóra dela non é autosuficiente nin pode participar plenamente na comunidade política e na xustiza; separado da lei e da xustiza pode converterse no máis salvaxe e impío dos seres.
4. A natureza non crea nada por azar, senón que todo tende cara a un fin (teleoloxismo), incluída a *polis*, que existe naturalmente para facer posible o vivir ben.

Conceptos clave: *polis*, *ben común*, *xustiza*, *palabra (logos)*, *suficiencia*, *forma de asociación*, *ética (ethos)*, *desenvolvemento humano*, *teleoloxismo*, *natureza* . *Secundarios:* *virtude (areté)*, *eudaimonía*, *felicidade*, *etc.*

DESCARTES

DESCARTES (texto 1)

Discurso del método, Parte II

Foi isto causa de que eu pensara que se precisaba **buscar outro método** que, comprendendo **as vantaxes destes tres¹, estivese exento dos seus defectos**. E, como a abundancia de leis fornece decote excusas para os vicios, de xeito que un Estado está tanto mellor regulamentado canto, non tendo senón **moi poucas leis, estas son moi estreitamente observadas**; así, en **lugar dese gran número de preceptos dos que está composta a a lóxica**, crin que, sempre que tomase unha firme e constante **resolución de non deixar de observalos nin unha soa vez, abundaría cos catro seguintes**.

O método que se busca debe ter poucas leis, pero de estrica observación.

Consistía o **primeiro en non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non coñecese evidentemente ser tal**; é dicir, evitar coidadosamente a precipitación e a prevención; e non aceptar nada nos meus xuízos senón aquilo que se presentase tan claramente e tan distintamente ó meu espírito que non tivese ocasión ningunha de poñelo en dúbida.

O segundo, dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e requirible para mellor resolvelas.

O terceiro, conducir por orde os meus pensamentos, comenzando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos; e supoñendo mesmo unha orde entre aqueles que non se preceden naturalmente os uns os outros.

E o **derradeiro, facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais, que estivese seguro de non omitir nada.**

Esas **longas cadeas de razóns, todas simples e fáciles, das que os xeómetras teñen costume de se serviren para chegar ás súas máis difíciles demostracións**, déronme ocasión de imaxinar que tódalas cousas que poden caer baixo o coñecemento dos homes sucédense as unas ás outras da mesma maneira, e que, soamente con absterse de aceptar como verdadeira ningunha que non o sexa, e gardar sempre a orde precisa para deducilas unhas das outras, non pode haber entre elas ningunha tan afastada á que finalmente non se chegue, nin tan agachada que non se descubra. E non me foi difícil buscar por cales era necesario comezar, pois sabía xa que era polas máis simples e as máis doadas de coñecer; e, considerando que entre cantos teñen con anterioridade **procurado a verdade nas ciencias, só os matemáticos puideron atopar algunhas demostracións, é dicir, algunhas razóns certas e evidentes, non dubidaba que debería comezar polas mesmas que eles tiñan examinado (...).**

DESCARTES; Discurso do método, (Parte II), Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 2001, (pp: 44-45).

1 Se refire á lóxica (xa que permite ordenar os pensamentos e transmitilos con claridade), a xeometría (grazas ao uso de imaxes claras que evitan a fatiga da imaxinación) e a álgebra (que usa regras e fórmulas que facilitan o razoamento).

Tema: “O método cartesiano: características e regras fundamentais”.

Ideas principais:

1. O novo método de coñecemento debe ter poucas regras, pero deben ser estritamente observadas, sendo o obxectivo fundamental do método a obtención dun coñecemento certo e evidente.
2. O método debe integrar as vantaxes da lóxica e do razoamento matemático eliminando as desvantaxes das mesmas
3. As regras son 4: Evidencia (non aceptar nada como verdadeiro que non sexa absolutamente evidente), Análise (dividir os problemas nas partes máis pequenas posibles), Síntese (deducir das ideas máis simples as máis complexas) e Enumeración / Revisión / Proba (comprobar cada paso en busca de erros)
4. A única ciencia que para Descartes acadou demostracións certas e evidentes foron as matemáticas sendo estas o punto de partida para as súas reflexións.

Ideas secundarias (non explícitas no texto):

- 1.- Debido a que as matemáticas probaron ser fonte de coñecemento verdadeiro, serán o saber instrumental no seu método.
- 2.- A intuición intelectual (implícita na regra da evidencia) será xunto coa dedución dous dos pilares fundamentais do método cartesiano.
- 3.- Descartes considera que é necesario construír un novo método universal que axude a crear unha ciencia verdadeira que progrese no coñecemento.

Conceptos clave: *método, matemáticas, regras, evidencia, intuición, análise, dedución, proba.*
Secundarios: dúbida, proxecto cartesiano, escepticismo, lóxica, álgebra, etc.

DESCARTES (texto 2)

1ª dúbida: os sentidos

Meditaciones metafísicas, Meditación Segunda.

Xa que logo, supoño que **todas as cousas que vexo son falsas: convénzome de que nada foi de todo como a miña memoria chea de mentiras me representa**; penso que non teño sentidos; creo que o **corpo, a figura, a extensión, o movemento** e o lugar só son **ficcións do meu espírito. Que poderá, logo, ser considerado verdadeiro?** Se cadra, só unha cousa, que non hai nada certo no mundo.

NEGACIÓN
MUNDO FÍSICO

ESCEPTICISMO

Mais, que sei respecto de se hai algunha outra cousa diferente destas que veño de xulgar incertas, algunha acerca da cal non poida ter a menor **dúbida?** Non hai ningún Deus, ou calquera outra potencia que me poña no espírito eses pensamentos? Isto non é necesario, pois quizais poida eu ser quen de producilos por min mesmo. Logo eu, cando menos, non son algunha cousa? Pero neguei xa que tivese sentidos nin ningún corpo. **Dubido con todo**, pois que se segue diso? **Serei tan dependente do corpo e dos sentidos que non poida ser sen eles? Pero convencinme de que non había absolutamente nada no mundo, que non había ningún ceo, ningunha terra, ningún espírito, ningún corpo; non me convencín logo de que tampouco eu non era nada? Non, certamente, eu sen dúbida era algo se me convencera ou simplemente se pensara algunha cousa. Pero hai un non sei que enganoso, moi poderoso e moi trampulleiro, que emprega toda a súa industria en enganarme sempre. Non hai logo dúbida de que eu son, se el me engana; e engáneme tanto como queira que non poderá endexamais facer que eu non sexa nada, senón que tanto máis pensarei ser algunha cousa. De xeito que, despois de telo ben pensado, e de ter coidadosamente examinado todas as cousas, cómpre concluír, en fin, que esta proposición: "Eu son, eu existo", é necesariamente verdadeira, cantas veces eu a pronuncie ou a conciba no meu espírito.**

SUSPENSIÓN
PROVISIONAL
DE IDEAS
COMO
MUNDO,
SENTIDOS,
CORPO, ETC.

3ª DÚBIDA:
XENIO
MALIGNO

DÚBIDA
METÓDICA E
HIPERBÓLICA

EVIDENCIA DO
COGITO

DESCARTES: Meditacións Metafísicas (Meditación Segunda: Da natureza do espírito humano, e de que é máis doado de coñecer que o corpo).

Tema: "A dúbida metódica como camiño á primeira evidencia: a existencia do *cogito*".

Ideas principais:

1. A dúbida cartesiana hiperbólica e metódica como ferramenta fundamental do método para poder acadar un coñecemento evidente e certo.
2. A dúbida dos sentidos (nos enganan?) e do xenio maligno.
3. O escepticismo levado ao extremo (suspendendo provisionalmente a existencia dun mundo físico, dos sentidos, etc.) co obxectivo de chegar a unha evidencia absolutamente clara e evidente
4. O *cogito* como primeira verdade clara e evidente que ningunha das anteriores dúbidas pode refutar.

Ideas Secundarias (non explícitas no texto):

1.- Coa evidencia do *cogito* Descartes supera o escepticismo radical cunha verdade absolutamente clara e evidente, dando comezo posteriormente a demostración do mundo físico (mediante a demostración da existencia de Deus que actuará como garante de veracidade entre as súas ideas e o mundo exterior) e evitar así un futuro *solipsismo*.

Conceptos clave: *dúbida, hiperbólica, metódica, universal, sentidos, xenio maligno, evidencia, cogito, mundo físico. Secundarios: idea, claridade, distinción, sono, vixilia, escepticismo radical*

DESCARTES (texto 3)

Discurso do Método, Parte IV

De seguido, reflexionando sobre o **feito de eu dubidar** e que, en consecuencia, **o meu ser non era completamente perfecto**, pois vía claramente que era unha maior perfección coñecer que dubidar, ocorréuseme pensar **de onde aprendera eu a pensar nalgunha cousa máis perfecta do que eu era; e coñecín evidentemente que debía ser algunha natureza que fose en efecto máis perfecta.**

Polo que fai aos pensamentos que tiña de moitas outras cousas fóra de min, como o ceo, a terra, a luz, a calor e mil outras, non estaba preocupado por saber de onde veñen, a causa de que, non observando nada neles que semellase facelos superiores a min, podía eu crer que, se eles eran verdadeiros, o eran por unhas dependen as da miña natureza, en tanto que ela tiña algunha perfección; e se non o eran, tíñaos da nada, é dicir, eles estaban en min por algo que eu tiña de imperfecto. Pero **non podía ocorrer o mesmo coa idea dun ser máis perfecto có meu; pois era cousa manifestamente imposible tela da nada;** e como **non hai menos repugnancia en que o máis perfecto sexa unha consecuencia e unha dependencia do menos perfecto**, do que a hai de que da nada proceda algo, non a podía ter tampouco de min mesmo. De xeito que **só quedaba que ela fose posta en min por unha natureza que fose**

verdadeiramente máis perfecta do que eu era, e mesmo que tivese en si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicalo nunha palabra, que fose Deus. Ao que engadín que, xa que coñecía algunhas perfeccións que eu non tiña, *non era o único ser que existía* (usarei aquí libremente, se se me permite, as palabras da *Escola*), senón que necesariamente **era preciso que houboese algún outro máis perfecto, do cal eu dependese, e do que adquirise todo canto eu tiña. Pois se eu fose só e independente de calquera outro, de xeito que tivese por min mesmo o pouco que participaba do Ser perfecto; pola mesma razón podería ter por min mesmo todo o restante que sabía que me faltaba, e ser así eu mesmo infinito, eterno, inmutable, omnisciente, omnipotente e, en fin, ter tódalas perfeccións que podía observar que están en Deus².**

DESCARTES; Discurso do Método, Parte IV

PRINCIPIO DE CAUSALIDADE:

A CAUSA DUNHA IDEA DEBE TER TANTO O MÁIS REALIDADE CA IDEA MESMA → A CAUSA DA IDEA DO SER MÁIS PERFECTO NON PODE VIR DUN IMPERFECTO

INNATISMO:

A CAUSA DA IDEA DO SER MÁIS PERFECTO TEN QUE SER POSTA NA NOSTRA MENTE POR O SER MÁIS PERFECTO = DEUS

3ª VÍA "TOMISTA":

QUEN ME CREOU? SE FOSE EU MESMO OU OUTRO SER IMPERFECTO ME ATRIBUÍRÍA AS PERFECCIÓNS QUE CONCIBO EN DEUS → FUN NECESARIAMENTE CREADO POR DEUS

Tema: "A demostración da existencia de Deus a partir do principio de causalidade da idea do ser máis perfecto".

Ideas principais:

1. O principio de causalidade: a causa dunha idea debe ter tanto ou máis realidade ca idea mesma.
2. Segundo o principio de causalidade, a causa da idea do ser máis perfecto non pode vir nin dun imperfecto nin da nada, polo tanto é evidente que é unha idea posta no suxeito polo ser máis perfecto: Deus.

² Esta demostración está inspirada na terceira vía tomista, sen embargo Descartes a vai reformulala para adaptala ao seu método.

Ideas para relacionar

1. Os tipos de ideas, en particular, as ideas postas no suxeito por Deus / natureza -ideas innatas- como a propia idea de Deus ou infinito.
- 2.- Demostracións da existencia de Deus a través dos argumentos gnoseolóxico e da continxencia e necesidade (insinuados no texto) e o ontolóxico (non presente no texto).
- 3.- Descartes precisa demostrar a existencia de Deus para garantir a correspondencia entre o pensamento (*cogito*) e o mundo exterior.

Conceptos clave: *Deus, perfección, imperfección, causalidade. Secundarios (non no texto): existencia de Deus, argumentos para a existencia de Deus, gnoseolóxico, noolóxico, vía da continxencia e a necesidade, innatismo, tipos de ideas, Infinitude, ontolóxico (tercer argumento), solipsismo, Deus como garante de verdade, necesidade de demostrar a existencia de Deus, San Agustín, Santo Tomé, etc.*

Ensaio sobre o goberno civil, Cap. 7, § 89 y §90

§ 89. Polo tanto, onde queira que **calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil**. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en **estado de natureza**, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, **ó poder lexislativo dela a facer leis para el**, tal e como o **ben público** de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. E **isto pon os homes fóra do estado de natureza** e dentro daquela república [*commonwealth*], establecendo un **xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles**, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república [*commonwealth*], **o cal será xulgado polo poder lexislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin**. E **onde queira que houbese un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza**.

UN DOS
LÍMITES DO
PODER
LEXISLATIVO

CONTRATO SOCIAL

SEMENTE DA
SOCIEDADE CIVIL AO
SACAR AO HOME DO
ESTADO DE NATUREZA
AO RENUNCIAR
VOLUNTARIAMENTE AO
SEU DEREITO A
EXECUTAR A LEI DA
NATUREZA (INCLUSO
PODENDO XULGAR A
SÚA PROPIA CAUSA) E
OTORGÁNDOLLE TAL
PRERROGATIVA A
INSTITUCIÓN
ENCARGADAS DE
IMPARTIR XUSTIZA
(PODER LEXISLATIVO) E
EXECUTALA

§ 90. E polo tanto, é evidente que a **monarquía absoluta**, a cal é considerada por algún como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito **incompatible coa sociedade civil** e, polo tanto, **non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto**. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada **home sexa xuíz do seu propio caso**, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no **estado de natureza. Nel atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio**.

LOCKE: *Ensaio sobre o goberno civil*, cap. 7: Da sociedade política ou civil.

**INCOMPATIBILIDADE
DA MONARQUÍA
ABSOLUTA COA
SOCIEDADE CIVIL**

O MONARCA TEN A
CAPACIDADE DE XULGAR A
SÚA PROPIA CAUSA POLO
QUE SE ATOPA EN ESTADO
DE NATUREZA CON
RESPECTO AO RESTO DA
SOCIEDADE. ISTO IMPLICA
QUE NON PODE SER UNHA
FORMA DE GOBERNO
CIVIL.

Tema: “A creación da sociedade civil a través do contrato social e a incompatibilidade da monarquía absoluta con tal sociedade”.

Ideas principais:

1. O contrato social como semente da sociedade civil ao renunciar voluntariamente a cidadanía ao seu dereito a executar a lei da natureza (a cal lle outorga o dereito a xulgar a súa propia causa) en favor da creación de institucións que se encarguen de impartir xustiza (poder lexislativo) e executala.
2. A monarquía absoluta é incompatible como forma de goberno coa sociedade civil xa que sitúa ao monarca en estado de natureza con respecto do resto da sociedade ao ser quen de xulgar a súa propia causa.

Ideas para relacionar (non están no texto)

- 1.- Cada poder (lexislativo, executivo ou federativo) ten os seus límites. Por exemplo, no lexislativo debe promulgar leis sempre pensando no ben público.

2.- A problemática do estado de natureza (capacidade de xulgar o teu propio caso e as súas consecuencias).

Conceptos clave: contrato social (implícito), estado de natureza, sociedade civil, goberno civil, leis, poder legislativo, monarquía absoluta, lei da natureza, incompatibilidade, ben público, xuíz común, institucións, etc. Secundarios: Separación de poderes, tipos de poderes, etc.

HUME (texto 1)

Investigación sobre o coñecemento humano, Sección IV, Parte I.

CUESTIÓNS/MATERIAS
DE FEITO (*matters of
fact*)

TIPO DE XUÍZO PROPIO
DAS CIENCIAS EMPÍRICAS

Todos os razoamentos referentes a **materias de feito** parecen estar fundados na **relación de causa e efecto**. Por medio desa **única relación** podemos ir **máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos**. Se

A CAUSALIDADE NON
PROCEDE DE
NINGUNHA IMPRESIÓN

se lle preguntara a un home porque cre calquera **cuestión de feito** que non ten presente –por exemplo que o seu amigo está no campo ou en Francia– daría unha razón; e esta sería algún outro feito, como unha carta recibida ou o coñecemento dos seus propósitos e promesas anteriores. Un home que encontrase un reloxo ou calquera outra máquina nunha illa deserta, concluiría que unha vez houbo homes nesa illa. Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. **E neles suponse constantemente**

que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houbo nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. Oír unha voz articulada e un discurso racional na escuridade garántenos a presenza dalgunha persoa: Por que? Porque estes son efectos de produción e fabricación humanas, estreitamente conectados con elas. **Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto, e que esta relación pode ser próxima ou remota, directa ou colateral. A calor e a luz son efectos colaterais do lume, e un efecto pode inferirse correctamente do outro**. Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ó coñecemento da causa e do efecto. Aventurarei a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, **que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos a priori, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si**.

Hume, D.: *Investigación sobre o coñecemento humano*, (Sección IV: Dúvidas escépticas acerca das operacións do entendemento).

CRÍTICA Á IDEA DE CAUSALIDADE

A CRENCIA NA CAUSALIDADE BASÉASE NO HÁBITO DE ASOCIAR UN EFECTO CUNHA MESMA CAUSA.

ESTA RELACIÓN SÓ PODE SER VALIDADA A POSTERIORI (A TRAVÉS DA EXPERIENCIA) E NUNCA A PRIORI

Tema: “Crítica á idea de causalidade: A causalidade como hábito de asociar un efecto cunha causa e base das *cuestións de feito*”.

Ideas principais:

1. A causalidade (relación causa – efecto) é a base das cuestións de feito.
2. A causalidade é froito de asociar constantemente un efecto cunha causa particular.
3. A relación causal non é unha conexión necesaria coñecida pola razón ou derivada dos sentidos, senón unha inferencia baseada no hábito.
4. A validez dun xuízo baseado na causalidade só pode ser validada a través da experiencia (*a posteriori*).

Ideas para relacionar (non están no texto)

- 1.- Tipos de xuízos posibles e a validez do seu coñecemento (universalidade, necesidade, probabilidade).

2.- Crítica á indución e a súa crenza do hábito como criterio de certeza.

3.- A causalidade non procede de ningunha impresión (e polo tanto tampouco de ningunha idea derivada dunha impresión).

Conceptos clave: cuestión de feito, materias de feito, matters of fact, sentidos, hábito, causalidade, relación causa – efecto, experiencia, a posteriori, a priori. Secundarios: Ciencias empíricas, tipos de ideas, asociación de ideas, impresións, crítica á idea de causalidade, etc.

HUME (texto 2)

Tratado da natureza humana, Libro I, Parte I, Sección VI.

Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre **substancia e accidente** e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se **a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión**. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. **A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión**. Pero as impresións de reflexión **divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia**. Polo tanto, **non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela**.

A idea de substancia, así como a de modo, non é senón unha colección de ideas simples reunidas pola imaxinación e que teñen un nome particular asignado, polo cal **somos capaces de recuperar, para nós mesmos ou para outros, ese conxunto**. Pero a diferenza entre estas ideas consiste nisto: que **as cualidades particulares que forman a substancia se refiren normalmente a un algo descoñecido, ó cal son supostamente inherentes**; ou aceptando que esta ficción non se produza, polo menos **suponse que están conectadas de xeito próximo e indisoluble polas relacións de contigüidade e causalidade**. O efecto disto é que calquera nova propiedade simple que **atopemos que teña a mesma conexión co resto, inmediatamente a metemos entre elas, aínda que non estea na primeira concepción da substancia**. Así, a nosa primeira idea do ouro pode ser que é de cor amarela, o peso, a maleabilidade e a fusibilidade, pero cando descubrimos a súa solubilidade en *aqua regia*, unímolaa ás outras cualidades e supoñemos que pertence ó concepto de substancia como se a súa idea formase parte dela dende o principio. **O principio de unión, sendo considerado como a parte principal da idea complexa, dá entrada a calquera calidade que se manifeste posteriormente, e é igualmente comprendido por ela como as outras que se manifestaron en primeiro lugar**.

HUME: *Tratado da natureza humana*, Libro I, Do entendemento, Parte I (Das ideas: a súa orixe, composición e abstracción), Sección VI (Dos modos e da substancia)

A SUBSTANCIA
NON PROCEDE DE
NINGUNHA
IMPRESIÓN

A SUBSTANCIA É UNHA
COLECCIÓN DE IDEAS
SIMPLES AGRUPADAS
BAIXO UN MESMO
CONCEPTO / IDEA QUE
PERMITE RECUPERALAS
FACILMENTE AO
LEMBRALO

DESE "ENTE" AO QUE
SE REFIRE ESE
CONXUNTO DE IDEAS
SIMPLES NON
PODEMOS OBTEN
NINGUNHA
IMPRESIÓN NA
NATUREZA, POR ISO É
"DESCOÑECIDO".

Tema: "Crítica á idea de substancia como colección de ideas simples e non derivada de ningunha impresión".

Ideas principais:

1. A substancia non deriva de ningunha impresión (ben interna ou externa), polo que ten que xurdir por asociación de ideas.
2. A substancia é unha colección de ideas simples agrupadas nunha idea complexa da que non podemos obter ningunha impresión mediante o principio de unión (en particular a contigüidade e causalidade) o cal tamén facilita a incorporación de novas ideas simples á idea complexa orixinal.

Ideas para relacionar (non están no texto)

- 1.- Tipos de ideas e a súa validez dependendo da súa orixe (impresión ou imaxinación pura).

2.- Crítica implícita a toda a metafísica racionalista e a Aristóteles.

3.- A substancia non deriva de ningunha impresión polo que nunca poderá ofrecer un coñecemento válido e, polo tanto, a metafísica é imposible como ciencia.

Conceptos clave: substancia, ideas simples, ideas complexas, impresións simples, impresións complexas, impresións externas, impresións internas ou de reflexión, principio de unión, lei de causalidade, lei de contigüidade, lei de semellanza, sentidos, empirismo, imaxinación, asociación, etc. Secundarios: crítica, metafísica, ciencia, racionalistas, Aristóteles, Aristotélicos, accidentes, etc.

Kant (texto 1)

“Qué é a Ilustración?”

Ilustración é a saída do home da súa **minoría de idade**, da cal **el mesmo é o culpable**. **Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro**. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, **senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro**.

¡Sapere aude! ¡Ten o valor de servirte do teu propio entendemento!, velaí a divisa da ilustración. **Preguiza e covardía** son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os ceibara da dirección allea (*naturaliter maiores*), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. **A inmensa maioría dos homes consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso. Iso procuran os titores que se encargaron bondadosamente do seu control...** Para a persoa individual é daquela difícil dar saída dunha minoría de idade case convertida en natureza... De aí que só uns poucos conseguisen co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme. **Ben máis posible é, pola contra, que o público se ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se deixe en liberdade**. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de desfacerse do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo.

I.KANT; «Resposta á pregunta:¿Que é ilustración?» (Berliner Monatschrift, decembro, 1784)

Tema: “A Ilustración como saída da minoría de idade mediante o uso autónomo da razón”.

Ideas principais:

1. A Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, e dicir, de comezar a pensar por si mesmo sendo a liberdade o elemento clave.
2. O estado de *minoría de idade* é responsabilidade do propio individuo, sendo a preguiza e covardía algunha das causas de que tanta xente se atope nesa minoría de idade, sendo o valor un dos antídotos.
3. É posible que, a medida que algúns individuos abandonen a *minoría de idade* propaguen aos demais deste espírito ilustrado.

Idea Secundaria:

1. *Sapere Aude*, lema da Ilustración.
2. A existencia de titores e autoridades favorece que os individuos permanezan na minoría de idade.

Conceptos clave: Ilustración, minoría de idade, covardía, preguiza, sapere aude, culpabilidade do individuo, autonomía, razón, entendemento.

SENSIBILIDADE

De que **o noso coñecemento comeza coa experiencia, diso non hai dúbida**; pois, **¿por que** outro medio ía despertar a facultade de coñecer para o seu exercicio como non fose polos obxectos que tocan os nosos sentidos, que por unha banda **provocan por si mesmos representacións e, por outra, poñen en movemento a nosa actividade intelectual** para **comparalas, ligalas ou separalas**, transformando deste xeito a **materia bruta das impresións sensíbeis en coñecemento dos obxectos que chamamos experiencia? Non hai, pois, na orde do tempo ningún coñecemento que preceda en nós á experiencia e con ela comeza todo coñecemento.**

Mais, aínda cando todo o noso coñecemento empece coa experiencia, **non por iso todo el procede exactamente da experiencia**. Pois ben **podería ser que mesmo o noso coñecemento empírico fose un composto do que recibimos a través das impresións e do que a nosa propia facultade cognoscitiva (apenas estimulada polas impresións sensíbeis) produce por si mesma**, **engadido este que nós non poderemos distinguir daquela materia prima antes de que un longo exercicio chame a nosa atención sobre iso e nos faga hábiles para levar a cabo a súa separación.**

Hai pois, cando menos, unha **cuestión** necesitada dunha máis minuciosa investigación e que non se pode despachar cunha primeira ollada: a de **se hai semellante coñecemento, independente da experiencia e ata de todas as impresións dos sentidos**. Tal coñecemento denomínase **a priori** e **distínguese dos empíricos, os cales teñen as súas fontes a posteriori, é dicir, na experiencia**.

I. KANT, Crítica da razón pura (1787). Introducción. I-Da distinción de coñecemento puro e empírico. (Trad. de. Rafael Martínez C., USC)1.

Tema: “O papel da experiencia como inicio do coñecemento e a posibilidade do coñecemento a priori”.

Ideas principais:

1. O coñecemento comeza coa experiencia, co impacto dos obxectos nos sentidos, o que pon en funcionamento as facultades cognitivas na que o individuo exerce un papel activo (a través do percibido polos sentidos e o entendemento), ata o punto de que é complicado separar no coñecemento o que ven do obxecto e do suxeito.
2. A experiencia resulta da combinación entre o recibido polos sentidos e a actividade do entendemento que organiza ese material para producir coñecemento
3. Se ben o coñecemento comeza coa experiencia, non todo procede del.
4. A posibilidade dun coñecemento alleo á experiencia, é dicir, *a priori*.

Conceptos clave: experiencia, materia, representacións, intuición sensible, sentidos, entendemento, conceptos, categorías, a priori, a posteriori, comezo, procedencia. Secundarias (non no texto): sensibilidade, forma, formas puras da sensibilidade, formas puras do entendemento, fenómenos, intuicións sensíbeis, obxectos, impacto, etc.

**PERCIBIR !=
COÑECER**

COÑECER = PERCIBIR
(MATERIA + FORMA)
+ ENTENDEMENTO
(CATEGORÍAS,
CONCEPTOS, ETC.).
ISTO IMPLICA QUE
TODO
COÑECIMENTO
COMEZA POLA
EXPERIENCIA, AÍNDA
QUE NON TODO
PROCEDE DELA

**PAPEL ACTIVO
DO SUXEITO**

O COÑECIMENTO
NON É ALGO PASIVO
SENÓN ACTIVO
(FORMAS PURAS DA
SENSIBILIDADE +
ENTENDEMENTO).
ISTO SE DA DE XEITO
NATURAL ATA O
PUNTO DE QUE É
COMPLICADO
SEPARAR O QUE
PON O INDIVIDUO E
O QUE VEN DO
OBJECTO

KANT (texto 3)

Crítica da razón pura (1787)

Se chamamos **sensibilidade á receptividade do noso ánimo (psique)**, para **captar representacións en canto sexa dalgún xeito afectado**, en contrapartida, a facultade de producir por nós mesmos representacións, a **espontaneidade do coñecemento, será entendemento**. Á nosa natureza pertence que a **intuición nunca poida ser máis ca sensible, é dicir, contén unicamente o modo como somos afectados polos obxectos**. Pola contra, a facultade de **pensar o obxecto da intuición sensible é o entendemento**. Ningunha destas propiedades prevalece sobre a outra. **Sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado, e sen entendemento ningún podería ser pensado. Pensamentos sen contido son baldeiros, intuicións sen conceptos son cegas**. Por iso tan necesario é facer os seus conceptos sensibles (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) como facer comprensibles as súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco permutar as súas funcións. **O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada. Unicamente na súa reunión pode orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa participación, senón que hai serios motivos para separalos coidadosamente e distinguilos entre si**. Por iso distinguimos a **ciencia das regras da sensibilidade en xeral, é dicir, a estética**, da **ciencia das regras do entendemento en xeral, é dicir, a lóxica**.

KANT; *Crítica da razón pura*, (A51/B75-A52/B76) I. (Doutrina trascendental dos elementos), 2ª parte (A lóxica trascendental).

Tema: “O coñecemento é froito da unión entre a sensibilidade (pola que captamos impresións dos obxectos e lle damos forma) e o entendemento (mediante o cal os coñecemos *per se*).

Ideas principais:

1. Mediante a sensibilidade

Idea principal:

Idea secundaria: Ningunha é superior as outras, senón que se complementa de xeito necesario(as intuicións sen sensibles están baleiras sen conceptos e os conceptos son “cegos” sen as intuicións sensibles) propiciando o coñecemento humano.

Idea secundaria: Cada elemento ten a súa propia ciencia, sendo a estética a propia da intuición sensible e a lóxica a do entendemento.

Conceptos: Intuición sensible, entendemento, sensibilidade, impresións, sentidos, lóxica, estética, fenómeno, noúmeno, gnoseoloxía, actividade, pasividade, intuicións puras, *a priori*, *a posteriori*, síntese empirista – racionalista, xiro copernicano, conceptos empíricos, categorías...

KANT (texto 4)

Fundamentación da metafísica dos costumes.

Pois ben, **todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente. Aqueles [os hipotéticos] representan a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira (ou que posiblemente se queira).** O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin.

TIPOS DE
IMPERATIVOS E
AS SÚAS
CARACTERÍSTICAS

(...)

Un imperativo que, sen poñer como condición ningún outro propósito acadable por medio dun determinado comportamento, ordena ese comportamento de inmediato. Tal imperativo é categórico.

Non concirne á materia da acción e ó que dela poida resultar, senón á forma e ó principio do que ela mesma se deriva, e o esencialmente bo de tal acción reside na disposición de ánimo, calquera que sexa o resultado da acción. Este imperativo pode chamarse o **imperativo da moralidade.**

ÉTICA MATERIAL
VS FORMAL

ÚNICO BO:
BOA VONTADE

KANT: Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. 2 (Tránsito da filosofía moral popular á metafísica dos costumes)

Tema: “Os imperativos: tipos e características de cada un”.

Ideas principais:

1. Existen dous tipos de imperativos, o hipotético (o cal serve como medio para acadar un fin) e o categórico, o cal non perseguen ningún fin senón que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma.
2. O importante non é a materia de acción, senón como se faga (forma) e o principio que a impulsa.
3. O esencialmente bo dunha acción depende da vontade con que se faga, independentemente do resultado.

Conceptos clave: Imperativo hipotético, imperativo categórico, imperativo da moralidade, ben, fin, materia, vontade, mandato, bo, vontade. Secundarios: Ética material, ética formal, universal, razón práctica, o deber, tipos de acción, etc.

KANT (texto 5)

Fundamentación da metafísica dos costumes

Todos os seres racionais están, pois, **baixo a lei segundo a cal cada un ha de tratarse a si mesmo e a todos os demais en toda circunstancia simultaneamente como un fin en si mesmo e nunca como un simple medio**. Xorde de aquí unha **sistemática ligazón de seres racionais por medio de leis obxectivas comúns**, é dicir, un reino, o cal, posto que esas leis teñen precisamente por obxecto a relación destes seres entre eles como fins e medios, pode chamarse un **reino dos fins**(claro está só como ideal).

UNHA DAS
FORMULACIÓNS
DO IMPERATIVO
CATEGÓRICO

(...)

No reino dos fins todo ten ou ben un **prezo** ou ben unha **dignidade**. O que ten un prezo é aquilo en cuxo lugar pode ser posto algo como equivalente; o que, pola contra, **está por encima de todo prezo**, non admitindo, xa que logo, ningún equivalente, iso ten unha **dignidade**.

MATERIAL →

O que se refire ás **inclinacións e necesidades humanas** ³**ten un prezo de mercado**; o **que, mesmo sen presupoñer unha necesidade, se acomoda a un certo gusto, é dicir, a unha satisfacción do mero xogo, sen finalidade ningunha, das nosas facultades anímicas, ten un prezo afectivo**; aquilo, non obstante, que constitúe **a condición baixo a cal unicamente pode algo ser fin en si mesmo, iso, simplemente, non ten ningún valor relativo, é dicir, un prezo, senón un valor intrínseco, é dicir, dignidade**.

AUTONOMÍA DA
RAZÓN VS.
HETERONOMÍA

MORALIDADE →
DIGNIDADE

A moralidade é, pois, a condición unicamente baixo a cal un ser racional pode ser fin en si mesmo, porque só por medio dela é posible ser un membro lexislador no reino dos fins. Así pois, **a moralidade e a humanidade, en canto capaz de moralidade, é o único que ten dignidade**.

KANT: Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. 2 (Tránsito da filosofía moral popular á metafísica dos costumes).

Tema: "O reino dos fins como ideal ético".

Ideas principais:

1. O reino dos fins é un sistema ideal no que unha sociedade de seres racionais se guía por leis obxectivas comúns.
2. No reino dos fins existe o prezo e a dignidade que está relacionada coa moralidade e sitúase por riba do prezo.
3. O prezo pode ser de mercado (coas cousas / fins materiais) ou afectivo (nas anímicas, estéticas, etc.).
4. A moralidade é condición *sine qua non* para que o ser humano sexa un fin en si mesmo, é dicir, teña dignidade e pódase dar as súas propias normas morais (autonomía).

³ Se refire ao material.

Conceptos clave: reino dos fins, material, prezo de mercado, estético, lúdico, emocional, prezo afectivo, dignidade, moralidade, autonomía, humanidade, imperativo categórico. Secundarios: Ética material, ética formal, universal, razón práctica, imperativo hipotético, etc.

MARX (texto 1)

Manuscritos económico-filosóficos de 1844

En que consiste, pois, a **alienación do traballo**? Primeiro, en que **o traballo é externo ao traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia**, que, por iso, o traballador **non se afirma no seu traballo**, senón que se nega, non se sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e estraga o seu espírito. **De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si**. “No seu” está cando non traballa e cando traballa non está “no seu”. O seu traballo non é, pois, voluntario, senón obrigado, traballo forzado. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só **un medio para satisfacer necesidades alleas**. O seu carácter estraño saliéntase nido en que en canto non hai unha constrición física ou de calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente **a exterioridade do traballo para o traballador maniféstase en que non é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro**. **Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción divina ou demoníaca**; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a **perda de si mesmo**.

1ª ALIENACIÓN: O HOME SE SIENTE ALIENADO CON RESPECTO A SÚA PROPIA ESENCIA.

2ª ALIENACIÓN: O HOME SE SIENTE ALIENADO CON RESPECTO A SÚA PROPIA ACTIVIDADE PRODUCTIVA

3ª ALIENACIÓN: O HOME SE SIENTE ALIENADO CON RESPECTO AO FROITO DO SEU TRABALLO

4ª ALIENACIÓN: O HOME SE SIENTE ALIENADO CON RESPECTO AOS DE MAIS SENDO AS RELACIÓNS HUMANAS RELACIÓNS ENTRE MERCADORÍAS

CRÍTICA A FEUEBERBACH: A RELIXIÓN / ESPIRITUALIDADE NON É ALGO NATURAL AO SER HUMANO

MARX, K.; Manuscritos económico-filosóficos de 1844, O traballo alleado.[Primeiro manuscrito, XXIII] Trad. ao galego de Rafael Martínez C.

(USC)

Tema: “A alienación no traballo e as súas consecuencias no ser humano”.

Ideas principais:

1. A alienación no traballo prodúcese cando o froito do traballo non pertence ao traballador, senón a outro.

2. O traballo alienado produce unha cuádrupla alienación: respecto ao produto do traballo, respecto á actividade produtiva, respecto á propia esencia humana e respecto aos demais seres humanos.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. A relixión / espiritualidade non é natural ou inherente ao ser humano (tal e como dicía Feuerbach).
2. Relación entre infraestrutura económica e formas de alienación ideolóxica, política ou relixiosa.
3. Superación da alienación mediante a abolición da propiedade privada dos medios de produción.

Conceptos clave: alienación, alienación no traballo, esencia, actividade produtiva, relacións humanas, capitalismo, burguesía, medio de produción, explotación, obxectivación, exteriorización, etc.. Secundarios: Alienación ideolóxica e filosófica, alienación relixiosa, alienación socio – política, ideoloxía, loita de clases, infraestrutura, superestrutura, etc.

MARX (texto 2)

A ideoloxía alemá.

En **completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo**. É dicir, **non se parte daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan**, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados, representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso; **pártese dos homes realmente activos e con base no seu real proceso vital, preséntase tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida**. Tamén as **imaxes nebulosas**⁴ no cerebro dos homes son **sublimacións necesarias do seu proceso vital material empiricamente constatable e ligado a precondicións materiais**. A moral, **a relixión, a metafísica, e a restante ideoloxía**, e as formas da consciencia que lles corresponden, **non conservan así por máis tempo a aparencia de autonomía**. **Non teñen historia, non teñen desenvolvemento**, senón que **os homes que desenvolven a súa produción material e o seu intercambio material son os que, ao cambiar esta súa realidade, cambian tamén o seu pensamento e os produtos do seu pensamento**. **Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a consciencia**. **No primeiro modo de consideración pártese da consciencia como individuo vivo; no segundo, que corresponde á vida real, pártese dos mesmos individuos vivos e reais e considérase a consciencia unicamente como a súa consciencia**.

CRÍTICA AO IDEALISMO
HEGELIANO E A SÚA
CONCEPCIÓN DA HISTORIA.

RELIXIÓN, MORAL, FILOSOFÍA,
ETC. SON CONSECUENCIAS
DA PRODUCIÓN MATERIAL. O
CAMBIO NA PRODUCIÓN
MATERIAL DERIVA NUN
CAMBIO DE PENSAMENTO

K. MARX / F. ENGELS; A Ideoloxía alemá (1845/46), Tomo I, I. A. [1.] (A ideoloxía en xeral, nomeadamente a alemá).

Tema: “O materialismo histórico contra a concepción idealista da realidade”.

Ideas principais:

1. O idealismo alemán (como o *hegeliano*) ofrece unha concepción invertida da realidade xa que sitúa a consciencia como causa da realidade material, cando é a realidade material (particularmente a produción material) a que crea a consciencia e as súas diferentes formas.
2. As diferentes formas de consciencia (relixión, moral, metafísica, ideoloxía, etc.) están intrínsecamente ligadas á produción material. Se a produción material cambia, tamén cambia o pensamento.

Idea secundaria: Ideoloxía: significado e acepcións en Marx.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. A explicación da historia a través do materialismo histórico: a historia como sucesión de modos de produción
2. A infraestrutura (base material) condiciona a superestrutura (cultura, artes, leis, filosofía, etc.) para lexitimar –xeralmente- as ideas e valores das clases dominantes.

⁴ Son nebulosas porque non teñen unha realidade tanxible, material. Son a filosofía, a moral, a relixión, a metafísica, a ideoloxía...

Conceptos clave: ideoloxía, inversión da realidade, realidade material, pensamento, consciencia, relixión, metafísica, Secundarios: crítica, Hegel, idealismo, modo de produción, relacións de produción, infraestrutura, superestrutura, forzas de produción, etc.

NIETZSCHE (texto 1)

Fragmentos póstumos 1887-1889.

Crítica do nihilismo. 1. (...) O **nihilismo como estado psicológico ten aínda unha terceira e derradeira forma**. Dados estes dous recoñecementos, que co devir nada se obtén e que non hai unidade que rexa o devir, na cal o singular poida subsumirse completamente como nun elemento do máis alto valor: non queda máis saída que condenar como fraude todo este mundo do devir e imaxinar un mundo que queda alén daquel, en canto mundo verdadeiro. Mais non ben o home vai tras el, como queira que ese mundo está construído apenas de necesidades psicolóxicas e para iso carece de todo dereito, xorde así a **derradeira forma do nihilismo**, a cal se cifra na **falta de fe nun mundo metafísico –que se prohibe a crenza nun mundo verdadeiro**. **Chegados a este punto cómpre admitir a realidade do devir como única realidade, fica vedado calquera tipo de camiño oculto aos transmundos e falsas divindades – mais non se atura este mundo que xa nin queremos negar...**

—No fondo que sucedeu? Chegamos ao sentimento de ausencia de valor cando comprendemos que **non é lícito interpretar o carácter total da existencia nin co concepto de “fin”, nin co concepto de “unidade”, nin co concepto de “verdade”**. Con eles non se obtén nin se acada nada; a **multiplicidade do acontecer carece dunha unidade que a transcenda**: o carácter do existir non é “verdadeiro”, é falso..., non hai xa absolutamente ningunha razón para non quitar da cabeza a idea dun mundo verdadeiro...

En suma: retiramos agora as categorías “fin”, “unidade”, “ser”, coas que nós engadimos un valor ao mundo – e agora o mundo aparece sen valor...

NIETZSCHE: Fragmentos póstumos 1887-1889. 11.

Tema: “O nihilismo como resultado do desengano do individuo acerca dos mundos metafísicos”.

Ideas principais:

1. Idea principal: O nihilismo como estado psicológico xorde como consecuencia da perda de confianza na existencia dun mundo metafísico estático e inmutable.
2. Ao desaparecer este mundo metafísico que permitía un coñecemento verdadeiro a través dos conceptos e categorías universais, quedou así só un mundo no que a multiplicidade e o devir son características principais (imposibilitando así a súa redución a conceptos ou leis unificadoras) e que fora desvalorizado previamente.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. A crítica á decadente cultura occidental.
2. As outras dúas formas de nihilismo: pasivo e activo.
3. O superhome como superación do nihilismo: a transmutación/transvaloración dos valores.
4. Deus e o cristianismo como negadores da vida e afirmadores dos mundos metafísicos.
5. O platonismo como base filosófica do cristianismo.

6. O vitalismo: o eterno retorno e a vontade de poder como ideais afirmativos da vida.
7. Crítica epistemolóxica: Razón, conceptos e a súa incapacidade para captar á realidade.
8. A orixe psicolóxica dos valores occidentais.
9. O método xenealóxico.

Conceptos clave: mundos metafísicos, valor, nihilismo, estado psicolóxico, conceptos, fins, categorías, realidade cambiante, pensamento, devir, multiplicidade, mundo verdadeiro.

Secundarios: nihilismo activo, nihilismo pasivo, crítica ontolóxica, crítica epistemolóxica, Deus, cristianismo, transmutación dos valores, superhome, platonismo, vitalismo, orixe psicolóxica, medo, método xenealóxico...

NIETZSCHE (texto 2)

A gaia ciencia

341. O peso máis grande.— E se un día ou unha noite un demo vai tras de ti ás agachadas deica a máis solitaria das túas soidades e che di: **“Esta vida, como ti agora a vives e como a tes vivido, terala que vivir unha vez máis e innumerables veces máis; e nela non haberá nada novo, senón que cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti, e todo na mesma orde e sucesión – e así esta araña e este luar entre as árbores, e así este intre e eu mesmo. O eterno reloxo de area da existencia é virado sempre de novo – e ti con el, migalliña de po!”** Non te botarías polo chan renxendo os dentes e maldicindo o demo que así che falou? Ou é que ti algunha vez viviches un instante inmenso, no que lle responderías:

“ti es un deus e eu nunca oín nada tan divino!”? Se tal pensamento se apoderase de ti, tal como ti es agora, te transformaría e quizá te esmagaría; a pregunta sobre todas e cada unha das cousas **“¿quieres isto outra vez e innumerables veces máis?”** gravitaría sobre a túa acción **como o peso máis grande!** Ou, como terías que estar reconciliado contigo mesmo e coa vida para non desexar xa nada máis que esta última eterna confirmación e resolución?

NIETZSCHE: A gaia ciencia, Libro IV, § 341

Tema: “O eterno retorno como ideal afirmativo da vida”.

Ideas principais:

1. Idea principal: O eterno retorno consiste en vivir a túa vida como se quixeses que se repetise eterna e idénticamente.
2. Adoptar esta actitude leva consigo un cambio moi importante no individuo.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. A idea do eterno retorno suxire un *querer* (propio da fase do león do superhome) e non un *deber* (propio da fase do camelo).
2. O vitalismo: o eterno retorno e a vontade de poder como ideais afirmativos da vida.
3. Crítica á cultura occidental.
4. Deus e o cristianismo como negadores da vida.
5. Método xenealóxico: O mundo grego clásico e a expulsión do dionisiaco.
7. A orixe psicolóxica dos valores occidentais.
8. O superhome como superación do nihilismo a través da transmutación dos valores que afirmen a vida.

Conceptos clave: eterno retorno, vitalismo, vida, eternidade, ciclo. *Secundarios*: nihilismo, Deus, cristianismo, transmutación dos valores, superhome, fases do superhome, platonismo, vitalismo, orixe psicolóxica, método xenealóxico, mundo grego clásico, apolíneo, dionisiaco, afirmación da vida, vontade de poder...

Ortega y Gasset (texto 1)

O tema do noso tempo

Hoxe vemos claramente que, aínda que fecundo, foi un **erro o de Sócrates e os séculos posteriores. A razón pura non pode suplantar á vida**: a cultura do **intelecto abstracto non é, fronte á espontánea, outra vida que se baste a si mesma e poida desaloxar aquela**. É tan só unha breve illa que flota sobre o mar da vitalidade primaria. **Lonxe de poder substituír a esta, ten de apoiarse nela, nutrirse dela como cada un dos membros vive do organismo enteiro**. É este o **estadio da evolución europea que coincide coa nosa xeración**. Os termos do problema, logo de percorrer un longo ciclo, aparecen colocados nunha posición estritamente inversa da que presentaron diante do espírito de Sócrates. O noso tempo ten feito un descubrimento oposto ó seu: el sorprendeu a liña na que comeza o poder da razón; **a nós se nos ten feito ver, pola contra, a liña na que remata. A nosa misión é, pois, contraria á súa. A través da racionalidade temos voltado a descubrir a espontaneidade**. (...). **O tema do noso tempo consiste en someter a razón á vitalidade, localizala dentro do biolóxico, supeditála ó espontáneo**. De aquí a poucos anos parecerá absurdo que se lle teña esixido á vida poñerse ó servizo da cultura. A misión do tempo novo é precisamente converter a relación e amosar que son **a cultura, a razón, a arte, a ética as que teñen de servir á vida**.
ORTEGA Y GASSET: O tema do noso tempo

Tema: "O tema do noso tempo é reverter a tradición filosófica que elevou a razón sobre a propia vida".

Ideas principais:

1. A razón pura non pode substituír a vida, nin é un obxecto illado da vida.
2. Ortega critica o racionalismo por separar a razón da vida concreta.
3. A elevación da razón sobre o resto da natureza comeza con Sócrates.
4. O tema do noso tempo consiste en integrar a razón dentro da vida, subordinando a razón abstracta ás necesidades vitais. A cultura, razón, arte e outras formas de pensamento deben servir á vida.
5. A razón pura debe apoiarse na vida para dar lugar á chamada razón vital.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. O raciovitalismo como solución ao problema da realidade e o coñecemento a partir das limitacións do vitalismo e o racionalismo.
2. Os problemas do idealismo e o realismo na súa explicación da realidade e o seu coñecemento.
3. O perspectivismo como medio de explicación da vida e o seu coñecemento.
4. Razón vital como medio para explicar a historia e guiar ao futuro xa que para Ortega a vida é futurición.

Conceptos clave: razón abstracta, vida, Sócrates, racionalismo, vitalismo, razón vital, cultura.
Secundarios: raciovitalismo, idealismo, realismo, subxectivismo, historicismo, perspectivismo, futurición.

ZAMBARANO (texto 1)

Pensamento e poesía na vida española.

RACIONALISMO COMO CORRENTE DOMINANTE TRADICIONALMENTE NA FILOSOFÍA EUROPEA E OS SEUS PROBLEMAS DEBIDO Á FALTA DE PIEDADE

A POESÍA COMO O POLO OPOSTO

O COÑECEMENTO POÉTICO É ESPONTÁNEO, MEDIANTE A INTERACCIÓN, NON ILLADO DA REALIDADE.

A CULTURA EUROPEA (RACIONALISTA) VS ESPAÑOLA (COÑECEMENTO POÉTICO).

O COÑECEMENTO POÉTICO NON PROVOCA UN DESGARRO DA REALIDADE (CONCIENCIA VS. MUNDO) , DO HOME (MENTE VS. CORPO), ETC.

PIEIDADE E RAZÓN POÉTICA

RACIONALISMO VS COÑECEMENTO POÉTICO

Porque ao fin, todo converxe para que o coñecemento español, **o realismo, o materialismo tan ao marxe da filosofía sistemática europea, sexa razón, coñecemento poético.**
Nun extremo da cultura clásica está a filosofía, o metódico coñecemento racional, o esforzo da mente para adquirir a verdade afastándose violentamente das cousas, das aparencias que encobren o mundo. Este saber chega a ser sistema, sistema no que **a totalidade do mundo anela ser abarcada, na que a infinita multiplicidade das cousas pretende ser posuída.**
No outro extremo da cultura clásica quedou a poesía. (...)

Entre os dous extremos levántase **a cultura española, o seu coñecemento poético.** (...).

O coñecemento poético de España (...) fica aí, polos séculos, **irredutible ao poderosísimo racionalismo europeo.** (...) Coñecemento poético no que **nin se escinde a realidade, nin se escinde o home, nin se escinde a sociedade en minorías selectas e masas desamparadas.**

O **coñecemento poético lógrase por un esforzo ao que lle sae ao paso unha descoñecida presenza e lle sae ao paso porque o afán que a busca xamais se atopou en soidade, nesa soidade angustiada que padece quen ambiciosamente se afastou da realidade.** A ése dificilmente a realidade se lle volverá a entregar.

Mais a quen optou pola pobreza do entendemento, a quen renunciou a toda vaidade e non se empeñou soberbiamente en chegar a posuír pola forza o que é inesgotable, o que nos supera, a ése a realidade lle sae ao paso e a súa verdade non é xamais unha verdade conquistada, verdade raptada, violada; non é alezeia, senón revelación graciosa e gratuíta; razón poética.

E en realidade, o español só é quen de atopar o seu equilibrio así, só é quen de conservar a fluidez da súa vida pola poesía, polo coñecemento poético das cousas e dos sucesos que o incorporan ao paso do tempo. **De facerse racionalista péchase, perde a súa fluidez e se dogmatiza, faise absolutista, en suma; reaccionario, inimigo da esperanza.**

(...) **Polo coñecemento poético o home non se afasta nunca do universo e conservando intacta a súa intimidade, participa en todo, é membro do universo, da natureza e do humano e mesmo do que hai entre o humano e alén del.**

ZAMBARANO, María: “Coñecemento poético”, en Pensamento e poesía na vida española.

Tema: “Os problemas da tradición racionalista europea e a solución a través do coñecemento poético”.

Ideas principais:

1. A razón pura intenta violentamente aprehender a realidade e reducir o aparente e a multiplicidade a conceptos estáticos e unitarios sen éxito.
2. Nesa pretensión provoca un desgarrado violento do mundo, do ser humano, etc.
3. O coñecemento poético, pola contra, se achega humildemente á realidade (*pietade*) o que lle permite un coñecemento máis profundo da realidade.

4. A razón poética é esa forma de coñecemento que se achega piadosamente á realidade, asumindo que hai cousas no misterio do universo non reducibles completamente a conceptos racionais.
5. España é un reduto filosófico do coñecemento poético fronte ao racionalismo europeo.
6. Filosofía e poesía, dous polos opostos e –a súa vez- complementarios que permiten un achegamento a realidade e que atopan o seu nexo de unión na razón poética.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. A crítica ao racionalismo occidental e á filosofía sistemática europea.
2. A influencia de Ortega y Gasset e a superación do raciovitalismo mediante a razón poética.
3. A relación entre razón poética, piedade e revelación.
4. A influencia do misticismo español e da tradición literaria española.
5. A crítica ás escisións modernas entre razón e vida, individuo e realidade.

Conceptos clave: razón poética, coñecemento poético, racionalismo, desgarrro, escisións, violencia, illamento, Europa, España, piedade, aparencia/aparente, multiplicidade.

Secundarios: raciovitalismo, alma, misticismo, existencialismo, Heidegger (pensar poético).

Dende os gregos sabemos que unha vida política moi evolucionada alberga unha enraizada suspicacia cara esta **esfera privada**⁵, unha profunda hostilidade cara o inquietante milagre contido no feito de que cada un de nós fique como é –singular, único, inmutable⁶. Toda esta esfera do simplemente outorgado⁷, relegada á vida privada na sociedade civilizada, constitúe unha **ameaza permanente á esfera pública** porque a esfera pública está tan consecuentemente baseada na lei da igualdade como a esfera privada está baseada na lei da diferenza e da diferenciación universais. A **igualdade**, a diferenza a todo o que está implicado na simple existencia, non nos é outorgada, senón que é o resultado da organización humana, en tanto que se guía polo principio da xustiza. **Non nacemos iguais, chegamos a sê-lo** como membros dun grupo pola forza da nosa decisión de concedernos mutuamente dereitos iguais. A nosa vida política descansa na presunción de que podemos producir a igualdade a través da organización, **porque o home pode actuar nun mundo común, cambialo e construílo, xunto cos seus iguais e só cos seus iguais.**

ARENDT, H.: As orixes do totalitarismo (Segunda parte, Capítulo 9: A decadencia do estado-nación e o fin dos dereitos).

Tema: “A singularidade humana propia da esfera privada como ameaza permanente á esfera pública”.

Ideas principais:

1. A esfera privada xa desde a Grecia clásica foi obxecto de suspicacias desde a esfera pública (espazo propio da política), adquirindo incluso matices negativos.
2. A esfera privada reúne a singularidade humana, tanto a nivel biolóxico (o *outorgado*) como a nivel de pensamento. A esfera pública, pola contra, baséase nunha igualdade non natural, froito do consenso humano, é dicir, a igualdade é unha construción política.
3. A igualdade inclúe a premisa de que a construción e transformación do mundo realízase mediante a acción e o discurso compartidos no espazo público.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. A orixe dos totalitarismos

5 Os gregos diferenciaban claramente dúas esferas: a casa / familia (*oikia*), relacionado coas necesidades biolóxicas e a desigualdade entre os membros e a *vida pública* (*polis*), o espazo público de liberdade e igualdade. Os gregos desconfiaban e menosprezaban aqueles que non participaban na vida pública e vivían recluído no privado (*idiotes*) xa que pensaban que non podían desenvolverse totalmente como seres humanos. Para Arendt a política ve á esfera privada coma un elemento distorsionador e rompedor da cohesión social.

6 Refírese ao, nun contexto de goberno totalitario, o refuxio que ofrece a esfera privada ao individuo para conservar a súa individualidade (ou o que lle quede dela), por eso a esfera política a mira con hostilidade, xa que é o único reducto onde non pode moldear e manipular ao individuo.

7 O “outorgado” se refire as nosas calidades, carácter, etc. na que somos absolutamente singulares e únicos.

2. A destrución da esfera privada como medio para destruír a pública e acabar así coa política.
3. O pensamento e acción como características fundamentais do ser humano.
4. Nun contexto totalitario, a esfera privada é o reduto onde o ser humano pode atopar algo de individualidade e singularidade, polo que é necesaria a súa destrución previo paso a destrución da política.

Conceptos clave: esfera privada, esfera pública, política, singularidade, igualdade, sociedade, xustiza, eliminación da política, dominación total, totalitarismos, pensamento, acción, pluralidade...

ARENDT (texto 2)

As orixes do totalitarismo

A **iniciativa intelectual, espiritual e artística é tan perigosa para o totalitarismo** como o é a iniciativa do gánster para o populacho, e as dúas son mais perigosas que a simple oposición política. A **implacable persecución de cada forma superior de actividade intelectual** polos novos dirixentes de masas procede de algo mais que do seu resentimento natural contra todo o que non son quen de comprender. A **dominación total non permite a libre iniciativa en campo algún da vida, tampouco ningunha actividade que non sexa abertamente previsible.** **O totalitarismo no poder substitúe invariablemente a todos os talentos de primeira fila, cales foran as súas simpatías, por aqueles fanáticos e tolos nos que a carencia de intelixencia e de creatividade segue a ser a mellor garantía da súa lealdade.**

ARENDT, H.: As orixes do totalitarismo (Terceira parte, Capítulo 10: Unha sociedade sen clases).

Tema: “A creatividade e iniciativa humana como ameaza ao totalitarismos”.

Ideas principais:

1. A capacidade de creación, de pensar e iniciar algo novo como ameaza aos totalitarismos.
2. Os réximes totalitarios rexeitan as persoas creativas pola posible disrupción que poidan causar, preferindo individuos fanáticos e obedientes, máis previsibles e controlables polo réxime.

Ideas para relacionar (non explícitas no texto):

1. A orixe dos totalitarismos como sistemas de dominación total.
2. A destrución da esfera privada como medio para destruír a pública e acabar así coa política.
3. O pensamento e acción como características fundamentais do ser humano.
4. Nun contexto totalitario, a esfera privada é o reduto onde o ser humano pode atopar algo de individualidade e singularidade, polo que é necesaria a súa destrución previo paso a destrución da política.

Conceptos clave: natalidade, esfera privada, esfera pública, política, singularidade, igualdade, sociedade, xustiza, eliminación da política, dominación total, totalitarismos, pensamento, acción, pluralidade...

BEAUVOIR (texto 1)

O segundo sexo vol I: “Os feitos e os mitos”

"(...) [o que define dunha maneira singular a **situación** da muller é que, sendo como todo ser humano unha liberdade autónoma, **descóbrese e escóllese nun mundo en que os homes lle impoñen asumirse como a Outra: preténdese fixala como obxecto e conságrala á inmanencia, xa que a súa transcendencia será permanentemente transcendida por outra consciencia esencial e soberana.**] (1) [O drama da muller é este conflito entre a reivindicación fundamental de todo **suxeito**, que se presenta sempre como o esencial, e as esixencias dunha **situación que a constitúe como inesencial**] (2). Como se pode realizar un ser humano dentro da condición feminina? Que camiños lle están abertos? Cales conducen a unha rúa cega? **Como atopar a independencia no seo da dependencia? Que circunstancias limitan a liberdade da muller e cales pode superar?** Estas son as **cuestións fundamentais que nos gustaría elucidar**. Queremos dicir que, interesándonos nas oportunidades do individuo, non definiremos esas oportunidades en termos de felicidade, **senón en termos de liberdade.**"

BEAUVOIR, S.: O segundo sexo vol. 1: “Os feitos e os mitos”, Xerais, 2008, (pp:55-56).

(trad. Marga Rguez. Marcuño, Revisión temático-filosófica África López Souto)

Explicacións de cada parágrafo:

[1] Se ben a muller, como ser humano, nace nunha condición de liberdade, a realidade é que os homes a obrigan a limitarse a un rol determinado (a Outra), impedindo a súa transcendencia, que os homes se reservan para si mesmos, e condenándoa a unha situación de inmanencia.

[2]: Se ben o existencialismo afirma que no *ser – para – si* a existencia precede a esencia (é dicir, os nosos actos libres e responsables é o que nos definen, non unha “esencia humana”), o que intenta transmitir Beauvoir é que, para cada suxeito a súa visión subxectiva é a máis importante (a esencial). O problema é que a cultura occidental lle nega ás mulleres esa pretensión (de ser esencial, de transcendencia, de proxectarse cara ao futuro, de crear e de decidir máis alá das funcións biolóxicas ou domésticas), relegándoas a un mero obxecto *inesencial* (o outro) do suxeito (o home). Beauvoir propón (no seguinte volume de *O segundo Sexo*) o traballo fóra do fogar ou a independencia económica como instrumentos para romper ese círculo de *inesencialidade*.

Tema principal: O conflito entre a liberdade propia de todo ser humano e a situación de opresión que converte a muller en “a Outra”, limitando a súa transcendencia.

Ideas principais:

1. Para Beauvoir, a muller é un suxeito ao cal a cultura occidental impide vivir a súa situación existencial de forma libre, condenándoa á inmanencia e fixándoa como obxecto (o que pode relacionarse co ser-en-si de Jean-Paul Sartre ou, de xeito indirecto, a dialéctica do amo e o escravo de Hegel), ao contrario que o home, que impón unha visión androcéntrica e se reserva a transcendencia, podendo desenvolver libremente o seu proxecto vital.

2. Beauvoir analiza como a muller pode desenvolverse nun contexto de opresión e que factores limitan a súa liberdade e transcendencia, centrando o problema nas condicións que lle impiden realizarse como suxeito libre.

BEAUVOIR (texto 2)

O segundo sexo vol II: "A experiencia vivida",

"Non se nace muller, chégase a selo. Ningún destino biolóxico, psíquico, económico, define a imaxe que reviste a femia humana no seo da sociedade; é o conxunto da

civilización o que elabora este produto intermedio entre o macho e o castrado que se

cualifica de feminino.(1) Só a mediación dos demais pode consituír a un individuo como un

Outro.(2) Namentres que a criatura exista só para si, non podería captarse como

sexualmente diferenciada.(1b)

Entre as nenas e os nenos, o corpo é, en primeiro lugar, o resplandor dunha

subxectividade, o instrumento que efectúa a comprensión do mundo: eles apprehenden o

universo a través dos ollos, as mans, e non a través das partes sexuais. (3)

Tema principal: "A identidade feminina como construción social".

Ideas principais:

- "A identidade feminina é en gran medida unha construción social que non vén determinada exclusivamente pola bioloxía nin polas condicións materiais."
- A identidade feminina constrúese como unha alteridade (o "outro", o obxecto) da masculina (suxeito) nunha dialéctica semellante a do amo e o escravo de Hegel.
- O corpo non é un mero conxunto anatómico, senón un corpo vivido: o medio a través do cal o suxeito interactúa e comprende o mundo. Esta experiencia non se articula a través dos órganos sexuais, polo que homes e mulleres non están determinados polo sexo biolóxico nas súas capacidades iniciais, aínda que o sistema patriarcal introduza posteriormente desigualdades na súa educación e experiencia.

Ideas secundarias:

1. (derivada de 2) A identidade de xénero non nace exclusivamente da experiencia interna e subxectiva do individuo, senón da relación coa sociedade.